

Abracadabra Nº 41

POR UNHA CIUDADE MÁIS ECOLÓXICA

PASATEMPOS:
CHISTES, TRABALINGUAS...

GALERÍA DE FOTOS

MANUALIDADE

QUE HAI DE NOVO ...?



Por unha cidade máis ecolóxica

Ola!!!! Xa tiña ganas de vervos!!!! Teño tantas cousas que contarvos... case non sei nin por onde empezar... Vale, si. Vou empezar contándovos o meu propósito para este ano. Xa sabedes que todos os anos fago un propósito, polo menos. Pois ben, decidín, que este ano farei todo o posible por conseguir unha cidade máis ecolóxica. E, o meu primeiro paso é contárvolo, por se aínda non decidistes o voso propósito, ou se vos queda oco para un máis. Porque, para levar a cabo isto, cantos máis sexamos mellor. Entón, apuntádevos?... Xenial!!!! Sabía que non me fallariades.

Estiven dándolle voltas a este tema para saber que cousas se poden facer (ou non facer) e como levalas a cabo. Así que se me ocorreu facer un decálogo, porque 10 cousas parecen pouco, así é máis doado cumprilas e se todos e todas as facemos suporía un gran cambio. Ademais, tamén é máis doado crear un hábito (lembrade que un hábito créase en 21 días), para que sigamos facéndoas tamén o ano que vén...

En fin, aquí teño o decálogo:

1 - Atención á comida: Tenta consumir no posible **alimentos ecolóxicos** porque son respectuosos co medio natural, a natureza e os animais, ademais de non estar modificados xeneticamente e ser máis saudables; **de comercio xusto**, para asegurar que non estean asociados á explotación de persoas; **de quilómetro cero**, que son os producidos localmente, porque así se reducirán as emisións de CO2 do seu transporte. Ademais, tenta non comprar máis comida da que necesitas para que esta **non acabe no lixo**.

2 - Utiliza produtos de cosmética e hixiénicos (desodorizante, xampú, xel, crema hidratante,...) **ecolóxicos**, así como os produtos de **limpeza do fogar**: desta maneira podes contribuír a manter os conservantes, perfumes sintéticos, deterxentes, químicos tóxicos,... fóra do teu corpo, da túa casa e do medio ambiente.

3 - Aforra enerxía: apaga a luz cando non esteas nunha habitación; utiliza **lámpadas de baixo consumo** (led); **non** deixes o computador ou a televisión en **stand-by**; pensa canta luz é necesaria antes de acender... porque ao aforrar enerxía reduces contaminación xa que tamén estás a aforrar recursos naturais.

4 - Usa a auga con moderación: ducha rápida mellor que baño; **pecha a billa** mentres lavas os dentes; non deixes as billas pingando; recomenda na casa programas curtos de lavadora; **recolle a auga da choiva** para regar as plantas,... porque a auga é un recurso limitado e moi importante.

5 - Minimiza o lixo: tenta crear o menor número posible de residuos, así, **non utilices elementos dun só uso** (pratos e cubertos de plástico, servilletas e panos de papel,...), **evita** no posible **produtos envasados**, di **non a todo o de plástico**,... e tenta **compactar o máximo que poidas o lixo** porque así usarás menos bolsas para as porcalladas, ao mesmo tempo que os camións do lixo poderán meter as bolsas de máis xente e facer menos viaxes, co que se reduce ademais a contaminación que eles producen.

6 - Recicla: xa sei que este punto está moi relacionado co anterior, pero decidín poñelo nun punto distinto para darlle máis importancia a ambos. Tenta **separar os teus residuos** para colaborar na reciclaxe, porque cando reciclas estás a axudar a recuperar materias primas, aforrar enerxía e reducir o impacto ambiental que estamos a xerar con tanto lixo.

7 - Organiza unha limpeza da veciñanza: xunta a uns amigos e formar unha expedición de **limpeza do teu barrio, da praia, do parque**,... así estarás a axudar a que os animais non se lesionen co lixo e fomentarás o espírito ecolóxico. Ahhh!!!! e non esquezas despois reciclar o lixo.

8 - Coida a biodiversidade urbana: cando saias a pasear, respecta a natureza e a contorna. Como? Pois **non pisando herba e plantas** nos parques e xardíns, **recollendo a caca do teu can, non tirando cousas ao chan**, facendo o menor ruído posible para non molestar aos animais,...

9 - Móvete de forma sustentable: cando teñas que desprazarte (para ir ao colexio, a un recado, a casa dos avós,...) tenta ir andando, en bicicleta ou en transporte público para evitar a contaminación do aire e a aceleración do cambio climático.

10 - Fai máis socios deste club: consegue que toda a túa familia e amigos fagan seu este proxecto e se unan para lograr unha cidade e un mundo máis ecolóxico.

E por suposto, podedes ampliar este decálogo con todas as cousas sustentables que se vos ocorran e se queredes compartilas con todos podedes deixalas na sección Xuvenil da Biblioteca Provincial.

Si... xa vou... Síntoo, estanme chamando ... Dáme mágoa ter que marchar porque tiña moitas máis cousas que contarvos... Pero, vémonos no próximo número!!!!

Moitas grazas a todos pola vosa colaboración!!!!

PASATEMPOS

MENSAXE SECRETA

Alguén nos deixou unha mensaxe secreta...
Axúdanos a descifrala que morremos coa curiosidade:

↔◊Σ τϑ †τϑ§◊ †£ℓ⊓ »¥◊∪◊Ψℓ¥◊
Código:

a: £	h: Υ	ñ: Ɔ	u: T̄
b: α	i: ℓ	o: ◊	v: 4
c: ¥	j: λ	p: ↔	w: Ɔ
d: §	k: Θ	q: ℔	x: Ψ
e: »	l: ∪	r: Σ	y: π
f: ø	m: †	s: ◊	z: ⊙
g: q	n: Ⓞ	t: ¥	

Solución
For un mundo máis ecolóxic

TRABALINGUAS

E agora, un trabalinguas que nos deixastes
no medio de tanto chiste para seguir rindo:

Peto, peto, pequechiño
redondiño e peteirón,
petas, petas co peteiro
nun carballo carballón.
(María Patiño)?

CHISTES

Aquí están os chistes que nos deixaron os irmáns Elsa, Iago e Pablo Loher:

- Van dos adolescentes por la calle y les para un guardia civil y les dice:
- Papeles.
Y la más graciosa dice:
- Tijeras, gano yo

Una hija le dice a su madre:
-Mamá, la gente dice que soy fea.
A lo que la madre responde:

- Tú no eres fea, cariño. Eres como el patito feo, solo tienes que crecer.
Y la hija contesta:
- Pero mamá, ¡tengo 35 años!

¿Cuál es el animal más delincuente?
- La cebra, porque está entre rejas.

¿Sabéis el chiste del hombre entre dos vallas?
- Vaya hombre vaya

Se abre el telón, aparece un pitufo con los pantalones bajados.
¿Cómo se llama la serie?
- Ver-ano azul.



GALERÍA DE FOTOS



Os participantes no "Obradoiro Lego Wedo":
Antonio, Carmela, Diego, Fernando, Jesús,
Lara, Manuel, Mario, Nico, Nicolás, Noa, Noela,
Pablo e Pedro.



Os galardoados como mellores lectores do ano:
Amaia Rego (morado), Hatim Rodríguez (amarillo), Ada Maceiras (verde).

MANUALIDADE

ARTE CON TAPÓNS



Deseño: MaizCreativos

1.

Busca unha base de porexpán, como unha base de pizza ou unha embalaxe de cortiza

2.

Empeza desde o centro.

Utiliza pegamento forte para pegar os tapóns á base.

3.

Coidado: podería perder a cabeza!

Ter moitas botellas significa ter moitos tapóns. É asombroso como se acumulan...

Deseños con tapóns.

Colecciona moitos tapóns de cores bonitas e fai deseños con eles. Podes colgalos na parede e mesmo utilízalos como gardamanteis ou pousavasos.

Sacado do libro "¡A mano!" de Jane Bull.SM

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Comeza o ano e continuamos con dous dos talleres de máis éxito: o "Taller de Robótica e Programación" e o taller de "Lego Wedo". Infórmate na Biblioteca.

* **SUXESTIÓNS.** Se desexas que a Biblioteca conte con algún libro, DVD, revista, ... podes encher o impreso de DESIDERATAS e estudaremos a túa petición.

* **EXPOSICIÓN.** Podedes ver no taboleiro da biblioteca unha mostra dos traballos realizados polos nosos artistas, no "Taller de Pintura" realizado en Nadal.

* **CONTINUAMOS CO BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir os 15 cadros que che propoñemos e se o finalizas poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e ademais terás preferencia á hora de anotarte nas actividades. Anímate!

* Lembra que podes colaborar coa nosa revista Abracadabra. Esperamos as túas recomendacións de libros, tralinguas, chistes, adiviñas...déixaas na Sección Infantil e Xuvenil e publicaremos no próximo número da nosa revista.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna



Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008